



# PROCEDIMIENTO DE CONTROL INTERNO

## A. INTRODUCCIÓN

O presente documento responde á obriga recollida no artigo 15 da Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos Partidos Políticos (en diante, LOFPP), polo cal “os partidos políticos deberán prever un sistema de control interno que garanta a axeitada intervención e contabilización de tódolos actos e documentos dos que se deriven dereitos e obrigas de contido económico, conforme aos seus estatutos. O informe resultante desta auditoría acompañará á documentación a render ao Tribunal de Contas”. Por outro lado, responde tamén á vontade de construír un funcionamento e estrutura orgánica democrática e transparente que asegure a plena eficacia dos mecanismos de control e prevención da corrupción.

Marea Atlántica considera de especial relevancia a aprobación deste documento sobre control interno da LOFPP, que haberá de rexerse polos seguintes principios:

- **Horizontalidade:** A Rede é o máximo órgano executivo da organización, con competencias no cumprimento dos acordos e resolucións da Marea Viva, no desenvolvemento dos fins e obxectivos do partido, así como na determinación de decisións sobre os mesmos. A xestión dos recursos económicos da organización non poderá ir en contra dos acordos da Rede nin dos principios fundacionais da Marea Atlántica.
- **Legalidade:** todos os órganos da Marea Atlántica, incluídos os grupos institucionais, así como as persoas que fan parte deles, estarán obrigados ao cumprimento das disposicións normativas da organización, incluídas aquelas adicadas á regulación das cuestións económicas e financeiras.
- **Control democrático:** con obxecto de realizar o control democrático dos dirixentes electos, a Coordinadora deberá informar en cada sesión ordinaria da Rede das decisións tomadas dende a última sesión da mesma. Asimesmo, responderá a todas as preguntas que lles formulen as participantes na Rede, por escrito ou de forma oral, segundo a complexidade da resposta. Por outro lado, deberá render contas da xestión económica e financeira cunha periodicidade mínima anual.
- **Transparencia:** Aos efectos de transparencia e control interno que garanta a adecuada intervención, contabilizadora de todos os actos e obrigas de contido económico, publicarase na web do partido información actualizada (con

periodicidade mínima semestral) da xestión e situación económico-contábel do partido. Calquera persoa terá acceso ás ditas contas, coas únicas reservas dispostas pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

- Independencia: Son recursos económicos da Marea Atlántica, atendendo aos límites previsto na LOFPP:
  - a) As cotas e achegas das súas membros que se poidan aprobar na Carta Financeira.
  - b) Os produtos das actividades propia do partido político e os rendementos procedentes da xestión do seu propio patrimonio, os beneficios procedentes das súas actividades promocionais, e os que se poidan obter dos servizos que poidan prestar en relación cos seus fins específicos.
  - c) As doazóns en cartos ou en especie, que perciban nos termos e condicións previstos. Polo que respecta a persoas xurídicas, sempre tamén dentro do respecto ao marco legal, aceptará preferentemente as procedentes de entidades de carácter social. Estas procurarán achegar as cantidades que a súa capacidade lles permita, aínda que tales contribucións non outorgarán dereitos políticos.
  - d) Os fondos procedentes dos empréstitos ou créditos que, no seu caso, se concerten. De necesitar financiamento externo procedente de persoas xurídicas, a Marea Atlántica recorrerá unicamente a entidades de banca ética, cooperativa ou cun alto grao de responsabilidade social.
  - e) As herdanzas ou legados.

O presente documento persegue os seguintes obxectivos:

- Comprobar o cumprimento da lexislación e a normativa interna.
- Garantir a plena eficiencia e eficacia no emprego dos recursos da Marea Atlántica.
- Verificar a integridade e fiabilidade da información contida nas Contas Anuais da Organización e demais documentación entregada ás Administracións Públicas, conforme ao disposto nas disposicións legislativas vixentes.

Na avaliación dos procedementos de control interno terase en conta a lexislación vixente, entre outras:

- Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos.
- Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre Financiamento dos Partidos Políticos.
- Lei Orgánica 3/2015, de 30 de marzo, de control da actividade económico-financiera dos Partidos Políticos, pola que se modifica a Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre Financiamento dos Partidos Políticos, la Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos e la Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas.
- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 50/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria.
- Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.
- Resolución de 21 de decembro de 2018, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola se publica o Acordo do Pleno de 20 de decembro de 2018, de aprobación do Plan de Contabilidade adaptado ást Formacións Políticas.

## B. PROCEDEMENTO DE CONTROL Á ACTIVIDADE ECONÓMICO- FINANCEIRA DA MAREA ATLÁNTICA

### **Xestión da actividade diaria**

Os gastos e as transferencias realizadas pola Marea Atlántica deben ser aprobadas pola Coordinadora ou, no seu caso, pola persoa ou persoas nas que esta delegue. Así mesmo, a Coordinadora designará as persoas autorizadas para a xestión das contas correntes a nome da organización e para a realización das operacións correspondentes. En todo caso garantirase a xestión colectiva das contas, de forma mancomunada ou solidaria, pero nunca superior a 5 persoas.

Por outro lado, a asunción de gastos que supoñan unha alteración patrimonial considerable da organización deberán ser aprobados pola Coordinadora conforme ás súas regras de decisión ordinarias.

Non se aprobará ningún gasto sen a correspondente factura que inclúa os datos de identificación da Marea Atlántica correctamente descritos.

As facturas e os recibos almacenaranse telematicamente pola Coordinadora ou pola persoa ou persoas nas que esta delegue. Procurarase ter unha copia das facturas en físico. Ámbalas dúas estarán dispoñibles para a súa visibilización por calquera persoa que así o desexe, previa solicitude á Coordinadora, coas únicas reservas dispostas pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Os ingresos estarán suxeitos ás limitacións establecidas pola lexislación vixente e pola carta financeira e demais normativa interna que se sexa de aplicación, así como ao cumprimento dos principios estipulados no presente documento.

## **Contas anuais**

A Coordinadora, a través da persoa ou persoas que esta delegue, será o órgano encargado da realización das Contas Anuais da organización, que inclúen o Balance de Situación, a Conta de Perdas e Ganancias e a Memoria, segundo o establecido na LOFPP e demais normativa aplicable.

As Contas Anuais serán presentadas na Coordinadora dentro do prazo de catro meses despois do peche do exercicio económico, coincidindo este co ano natural. A Coordinadora será competente para a aprobación das Contas Anuais. Posteriormente, dentro dun prazo non superior a dous meses dende a súa aprobación, as Contas Anuais serán presentadas diante da Rede e enviadas ao Tribunal de Contas, seguindo o procedemento e prazos estipulados legalmente.

As Contas Anuais someteranse a un proceso de auditoría interno, realizado pola persoa ou persoas que designe a Coordinadora, a cal elaborará un informe no que deberá dar fe da correcta elaboración das Contas e a súa adecuación á normativa aplicable, ou ben establecer as salvidades, inexactitudes, discrepancias e subsanacións que considere relevante.

Corresponde en exclusiva ao Tribunal de Contas o control externo da actividade económico-financieira de los partidos políticos, sen prexuízo das competencias relativas á fiscalización dos procesos electorais autonómicos atribuídas aos órganos de control externo da Comunidades Autónomas previstos nos seus respectivos estatutos.

Dentro do prazo dun mes despois do envío das Contas Anuais ao Tribunal de Contas, serán colgadas na páxina web da Marea Atlántica o Balance, a Conta de Perdas e Ganancias e a contía dos créditos pendentes de amortización, con especificación da persoa concendente, o importe outorgado, o tipo de interese e o prazo de amortización, as subvencións recibidas e as doazóns e legados de importe superior a 25.000 euros con referencia concreta á identidade do doador ou legatario.

Adicionalmente, entre os meses 7 e 9 de cada exercicio económico, presentarase diante da Rede un resumo das Contas do primeiro semestre, a efectos exclusivamente informativos.

### **Xestión tributaria**

É responsabilidade da Coordinadora ou da persoa ou persoas nas que esta delegue a xestión e o cumprimento das obrigas tributarias da Marea Atlántica. En particular, presentaranse puntualmente as seguintes declaracións.

- IRPF: Declaración trimestral e resumo anual.
- IS: Declaración anual de ser necesario.
- Declaración anual informativa de doazóns recibidas.
- Declaración anual de operacións con terceiros (para operacións superiores a 3.000€).
- Cando houberen microcréditos, a declaración de transmisións patrimoniais a tipo cero (dentro do mes posterior á súa subscrición).

### **Transparencia de cargos institucionais**

Con obxecto de activar todos os mecanismos necesarios para garantir a transparencia e a prevención da corrupción, os cargos electos da Marea Atlántica están obrigados a facer públicas as súas declaracións de bens, renda e, no seu caso, de patrimonio. Este compromiso estenderase durante tres anos despois do abandono, calquera que fose a causa, das súas responsabilidades. No caso das declaracións de bens será necesario indicar a porcentaxe de titularidade e co-titularidade. Todos estes datos deben ser publicados anualmente. Agás o balance de gastos e ingresos do grupo municipal, que terá carácter semestral.

As páxinas web da Marea Atlántica e do Concello e das institucións nas que a Marea Atlántica estean presentes, de ser posible, recollerán o salario, a función e o currículo das persoas que ocupen postos de persoal de apoio mentres desempeñen a súa función.

Polo demais, as persoas que ocupen cargos institucionais e o persoal de apoio estarán obrigadas ao cumprimento do Código Ético, a Carta Financeira e o resto da normativa interna da Marea Atlántica.

### **Transparencia da estrutura interna da organización**

Publicarase na páxina web da Marea Atlántica o documento de estrutura aprobado na Marea Viva. Ademais, na mesma web estará colgada a relación das persoas que ostentan algunha responsabilidade dentro da organización, nomeadamente aquelas que sexan membros da Coordinadora.

Todas as persoas activas teñen o dereito e deber de coñecer os regulamentos da Rede, Coordinadora e demais normativa interna vixente. Para elo haberá á súa disposición no local da Marea Atlántica copias físicas de todas a regulación interna.